

# O TRÍO EN MI BEMOL

Rita Azevedo Gomes, 2022

# 1105

ESTREA EN NUMAX: 05.05.2023 | V.O.S.G. | TP | 127 min

Paul e Adélia, antigos amantes, vense decote para discorrer sobre o seu pasado cando eran parella, parolar sobre as novidades amorosas dela ou discutir sobre música: Adélia adora o rock e a Paul pórde a música clásica. Veranse sete veces no ano. Encontros, desencontros e unha melodía que os une cada vez máis... Jorge, un director de cinema algo lunático, filma nunha luminosa casa preto do mar unha adaptación de Le trio en mi bémol, a única obra de teatro que escribiu Éric Rohmer. Un filme que agocha outro.

«Interpretada cun amor e confianza absolutos»

David Katz, CINEUROPA



## Entrevista con Rita Azevedo Gomes: «Eu quería propoñer unha representación da vida»

Por Daniela Urzola

**De onde xorde a idea de adaptar unha obra de Rohmer?** *O trío en mi bemol* xorde porque hai uns anos estaba intentando facer un radiodrama. Tiña que encontrar cinco ou seis pezas que se puidesen adaptar a ese formato e a obra de Rohmer era unha delas. Este proxecto non saíu adiante e logo quixen facer un filme, pero encontrei moitos obstáculos. Foi durante o confinamento, en 2020, cando rexurdiu a miña inquietude por ese texto.

Lino e pareceume que encaixaba moi ben porque era unha cousa mozartiana, unha comedia, e nese momento non me apetecía falar da realidade directamente. O cinema actual está demasiado en contacto coa realidade, ten unha relación moi estreita con ela. As ficcións son como un espello das temáticas actuais, do que vivimos. Eu quería afastarme disto e propoñer, máis que un reflexo, unha representación. Unha representación da vida.

**Menciona vostede o confinamento... Como influíu isto na creación e a rodaxe do filme?** É interesante porque a obra é un retrato de dous personaxes pechados nunha casa. E no momento no que decidín facer o filme estabamos en confinamento físico. Pregunteille a algúns amigos se querían facer un filme e todos se animaron. Eramos moi poucos, así que fomos a esa casa na praia e recluímonos alí. E como había aqueles ecos de confinamento en todos lados evitei facer un filme moi preto do mundo, quería afastarme deste. Creo que todas estas cousas van xurdindo naturalmente e o único que podes facer é estar atenta para percibilas.

**Esta sensación de confinamento reflíctese, ademais, na construción do espazo: pechado, claustrofóbico, case como se os personaxes fosen máis grandes que este...** A casa onde filmei descubrina a última hora e iso cambiou todo. Porque *O trío*... ten lugar nun apartamento en París que está sobre un bulevar, onde os personaxes van vendo transcórren as estacións desde unha ventá. Eu buscaba unha casa na que poder estar libremente e cando un amigo me ofreceu esta na praia, fun vela e pareceume absolutamente inspiradora. Sentía que era unha casa sen peso, onde todo era branco, como un papel. Ás veces sentíame como dentro dun instrumento musical [risas]. E de alí xurdiu a idea deste espazo que é coma unha gaiola con dúas criaturas pechadas no seu mundo. Filmeinos [aos actores] como dous periquiños: pelexan, logo son amorosos... O texto de Rohmer está cheo desa perplexidade das relacións sentimentais.

**Hai n' *O trío*... un elemento que moitas veces roza o máxico: nas secuencias de soño do director ou cando un personaxe deixa de tocar o piano e a música segue...** Encántanme esas parvadas porque creo que na vida falta un pouco de utopía. No mundo a maxia está un pouco perdida. Os disparates que facemos na vida son fermosos, como os dun neno que pinta as paredes e despois é castigado. Eu tamén fun castigada [risas]. Pero rodando *O trío*... encontrabámonos nun ambiente de pura creatividade. Estabamos todos nun delirio colectivo de pura creatividade, de amor, do pracer de facer calquera cousa. E a secuencia onírica veu dun soño recorrente do que pensei: “Por que non incluílo?”. Quería darlle lugar a esta cousa que está fóra do mundo.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*De Mozart en Beethoven*,  
Éric Rohmer.  
Árdora, 2003

*Muy de la casa*,  
João Bénard da Costa.  
Athenaica, 2023

*Éric Rohmer. Cuentos de las  
cuatro estaciones*,  
Éric Rohmer.  
Karma [BD]